



O Banquete de Conxo de 1856

A confraternización como símbolo

Alfonso Iglesias Amorín



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Cidadanía

COÑECER | Santiago
cidade educadora





Colección COÑECER
Santiago, cidade educadora

Nº 8. Marzo 2018

O BANQUETE DE CONXO DE 1856
A confraternización como símbolo

Edita

Departamento de Educación e Cidadanía
Concello de Santiago

Concelleiro de Educación e Cidadanía

Manuel Dios Díz

Coordinador da colección

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Autor

Alfonso Iglesias Amorín

Imprime

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Depósito legal: C 306-2018

O Banquete de Conxo de 1856

A confraternización como símbolo

Alfonso Iglesias Amorín



O Banquete de Conxo de 1856

A confraternización como símbolo

Nun día de marzo de 1856, entre as árbores dun frondoso bosque, mais dun cento de estudantes universitarios e obreiros comían xuntos, nun ambiente festivo e reivindicativo á vez. Os estudantes, que daquela eran case sempre da parte alta da sociedade, estaban intercalados con obreiros e artesáns, e non so iso, senón que ademais, vestidos de frac, servían o xantar para eses outros invitados. Xente de clase alta servindo a xente de clase baixa? Comendo xunta? Que era aquilo?: Aquilo era un símbolo e un desafío. un símbolo da fraternidade, da liberdade, dos homes como iguais, das ideas do progreso; un desafío contra a orde establecida, contra a concepción clasista da sociedade, contra o tradicionalismo que a sustentaba.

Aquel bosque era o de Conxo, por entón un municipio independente, e aqueles mozos reunidos baixo o lema «orde e fraternidade» encarnaban en boa medida o futuro dunha nova forma de enten-

Piñeiral próximo ó
Sanatorio de Conxo





Eduardo Pondal



Aurelio Aguirre



Luis Rodríguez Seoane



der, non só a política e a sociedade, senón tamén Galicia, a súa historia e a súa cultura. Tres dos participantes, Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Luis Rodríguez Seoane, mozos co don da palabra, proclamaron poéticos brindes que plasmaron os ideais que inspiraron o Banquete. Uns ideais que non eran do gusto dunha parte da sociedade, o que levou a que as autoridades non quitaran ollo ao que acontecía no Banquete, e mesmo a que os protagonistas dos brindes fosen procesados ao defender ideas que se consideraban ilegais. Aínda que non chegarían a recibir castigo, a reacción contra o Banquete supón unha interesante mostra das dificultades que daquela había para defender certas ideas.

Máis de un século e medio despois daquel banquete, pouco queda do que foi aquel bosque, pero alí, en Conxo, á beira do Sar, seguen a medrar as árbores, algunhas delas de mais dun cento de anos, testemuñas mudas dun intre inesquecible na historia de Galicia, dun momento que sería lembrado polas xeracións posteriores polo seu simbolismo e significación, polo que supuxo de rupturista e porque nel participaron figuras senlleiras do que foi o Rexurdimento.



Compostela (e Conxo) a mediados do século XIX

Á altura de 1850 Compostela tiña arredor de 18.000 habitantes, só mil mais que cando comezou ese século, boa demostración de que a cidade apenas medrara nas décadas anteriores. Entre as causas deste estancamento poboacional podemos aludir á perda de importancia política da cidade, que deixara de ser capital provincial, ao escaso desenvolvemento industrial ou ao forte impacto de crises de subsistencia como as de 1833-1834 ou 1853-1854. Tamén a emigración a América comezaba a cobrar importancia por entón, aínda que non semella ter afectado moito a unha cidade que rexistrou en toda esta etapa un saldo migratorio positivo, pola xente que se recibía do rural.

Política

A nivel político, o que acontece na cidade nos anos dos que estamos a falar está intimamente ligado ao contexto político español, que cambiou completamente despois da morte de Fernando VII en 1833 e o comezo do reinado da súa filla, Isabel II, que se



Isabel II foi a rainha de España entre 1833 e 1868. Durante este período se consolida o Estado liberal español



Frey Rafael foi arcebispo de Santiago entre 1824 e 1850, e durante o seu mandato se produciron as principais desamortizacións



O arcebispo Miguel García Cuesta ocupou a sé compostela entre 1852 e 1873

>
O mosteiro de San Martiño Pinario, que fôra un dos mais poderoso de Galicia, foi desamortizado en 1837

estendeu ata 1868 e durante o cal se produce a construción do Estado liberal en España. Das políticas que este proceso levou aparelladas, en Santiago influíron sobre todo as orientadas a reducir o poder da Igrexa, polo inmenso volume que este tiña, e tamén porque os principais arcebispos deses anos, Rafael de Múzquiz (1801-1821) e Rafael de Vélez (1824-1850) foron claramente absolutistas, o que levou a unha certa represión dende o Estado liberal. O peor golpe foi a supresión do décimo en 1841, que para a Igrexa compostelá supuxo a perda de mais da metade dos seus ingresos. Por outra banda, a perda do señorío xurisdiccional e da posibilidade de nomear corrixidores supuxo un rápido decaemento da influencia política. Ademais, foron pechando as diferentes ordes monásticas masculinas da cidade e os seus bens foron desamortizados, comezando en 1837 por San Martiño Pinario, e seguindo por San Domingos, Santo Agostiño, San Lourenzo, Conxo e San Francisco. Os mosteiros femininos non se eliminaron, pero a desamortización supuxo a perda da maior parte dos seus bens. O seguinte arcebispo, Miguel García Cuesta (1852-1873), a diferenza dos seus antecesoros, deixou practicamente de





lado a política, centrándose no pastoral e en adaptar a Igrexa compostelá a unha situación económica moi diferente á que acostumaba. A cidade ficaba moito mais laica tras este proceso ligado ao Estado liberal, pero iso non quería dicir que o peso e influencia da Igrexa non seguisen sendo enormes, algo que comprobaremos claramente polos problemas que tiveron algúns participantes do Banquete de Conxo por verbas consideradas un desafío contra a doutrina católica.

Coa Capitanía definitivamente perdida a favor da Coruña, e a grande perda de poder da Igrexa, o Concello ía ficar de forma case absoluta coa responsabilidade política da cidade, mentres que a Universidade colleu pulo como a guía da mesma cara o progreso e a cultura.

A Universidade

A universidade compostelá seguía a ser no XIX unha das mais importantes do Estado, superando o milleiro de alumnos. Pasou por diversos problemas, como varios peches pola Guerra da Independencia (1808-1814) ou entre 1830 e 1832, polos derradeiros intentos de Fernando VII de cortar de raíz o liberalismo en España. E tamén o Estado liberal supuxo va-



O pazo de Raxoi era a sé do Concello de Santiago dende 1787 [ca. 1880]



Grabado de Capuz que representa a Facultade de Letras (actual Facultade de Xeografía e Historia) antes da reforma de finais do XIX



Colexio de Fonseca, sé da universidade de Santiago

rios retos, pois a fin do décimo foi un problema para unha institución que vivía de rentas, e que tivo que pasar por anos de grande austeridade ata que en 1845 o Plan Pidal facía depender do Estado o mantemento das universidades, comezando unha nova etapa, moito mais próspera. Avanzouse cara a modernización da institución, seguindo a estela do que acontecía no conxunto de España, e por exemplo non foi ata 1852 cando se abandonou o latín como lingua para facer os exames, unha boa mostra do difícil que foi rachar coa tradición. Tamén se foi convertendo nunha institución cada vez mais aberta, e que ía servir como un medio de promoción social no que cada vez mais sectores podían entrar. Non obstante, seguía sendo restritiva polo custe, e só as clases altas ou as familias con certo capital podían incorporar aos seus fillos á mesma. Por outra banda, a universidade foi fundamental para dinamizar a cultura galega, funcionando como un centro vertebrador do emerxente galeguismo. Así, figuras tan destacadas como Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Luís Rodríguez Seoane estudaban na institución.

Poboación e sociedade



Hotel Suizo [Thomas]

A estrutura social do Antigo Réxime esvaecía-se moi lentamente, e se entrou no século XIX coa nobreza e o clero manténdose como os estamentos cun maior prestixio social. Aínda que eran unha proporción moi cativa da poboación, mesmo nunha cidade con tanto peso eclesiástico como Santiago, a súa influencia social era elevadísima. Sen embargo, a burguesía, que pouco a pouco fora gañando importancia nos últimos anos, se veu favorecida pola fin da supremacía da Igrexa e polos cambios que levaba aparelado o Estado liberal. Ademais, a burguesía foi a principal compradora de bens desamortizados, polo que incrementou notablemente o seu patrimonio material.



As fábricas de curtidos tiveron certa importancia en Santiago no XIX e principios do XX, pero non chegaron a funcionar como industrias modernas. [Ksado ca. 1920]

Este período tamén foi de amplo crecemento do que podemos denominar como «clases medias», e que abranguíu sobre todo a comerciantes e profesionais liberais, estes últimos ligados sobre todo á educación e á sanidade, os dous sectores nos que Santiago destacou mais durante o XIX. Tamén había funcionarios, pero sendo só cabeza de partido xudicial, e non capital provincial, a burocracia da cidade era relativamente cativa.

Por suposto, a inmensa maioría dos habitantes de Compostela entrarían no que podemos chamar «clase traballadora», sendo as ocupacións que mais aparecen nos rexistros servente, carpinteiro, xastre, zapateiro ou ferreiro. De todas elas destacaba por cifras o servizo doméstico, que era no que se empregaban maioritariamente as mulleres, aínda que estas tamén a miúdo traballaban como fiadoras ou costureiras, nunhas condicións laborais tan malas como as dos homes, e ademais acostumando a recibir un menor salario. A xornada laboral non estaba regulada e apenas se tomaban medidas de seguridade e hixiene. Ademais, aínda que non saíse nos datos oficiais, debemos ter en conta o traballo infantil, que acadaba un volume considerable. Se ben no século XIX a lexislación para protexer aos nenos neste aspecto avanzou moito, a explotación infantil seguiu sendo un problema difícil de arranxar.



Lavandeiras no Carmen [ca. 1900]



Exposición Regional agrícola industrial y artística de Santiago de Compostela [Andrés Cisneros, 1858]



Mapa no que se pode apreciar a extensión do antigo municipio de Conxo (en azul) en relación co de Santiago (en amarelo) e o de Enfesta (verde)

En canto á ocupación por sectores produtivos, Santiago era unha cidade na que predominaba con moita diferenza o sector terciario ou de servizos, que sempre estivo moi por riba do agrícola ou o industrial, unha tendencia que viña de atrás e que se mantería ata a actualidade. Entre os servizos deste sector, Santiago especializouse cada vez mais nos educativos e sanitarios, que completaban aos comerciais. Por outra banda, o volume do sector primario resulta moi difícil de medir, porque naquel tempo era habitual que moitos dos traballadores que aparecían nos censos ligados ao sector terciario participaran tamén en tarefas agrícolas, polo que probablemente as cifras reais superasen ás oficiais. Por outra banda, fóra do centro da cidade o carácter rural seguía a ser predominante, e por suposto iso era algo extensivo aos municipios limítrofes, como era naquel entón Conxo, que se configurara en 1833 como concello independente, abrangendo as parroquias de Conxo, Laraño, Vilvestro, Figueiras, O Eixo, Aríns, Bando e Marrozos. No *Diccionario geográfico* de Pascual Madoz, se describía Conxo en 1850 como unha fértil chaira rodeada de montes, con bo clima, que comprendía os barrios de «calle de Conjo, Camino-nuevo, Casal, Castiñeiriño, Combarro, Conjo, Cornes, Crugeira,



Estrada de Conxo [1910]



Fervenza, Outeiro, Paidacana, Porto, Ponte-pereda, Ponte Viejo, Rial, Rocha, San José, Torrente y Vidan», que sumaban unhas 500 casas «de algunas comodidades», e tamén se sinalaba a existencia dunha «dehesa de Pinar dedicada a la Real Armada», ademais de monte cuberto de carballos, castiñeiros, piñeiros, ameneiros e olmos. A vinculación entre a cidade e o rural dos arredores era tan forte que estampas como as de campesiños pasando co gando ao lado da catedral foron características ata ben entrado o século XX. O sector secundario, pola súa parte, sostíñase sobre todo por talleres familiares de produción artesanal, como os de acibeche, construción, carpintería, coiro ou metais. Resulta complicado falar de industria, aínda que poderíamos aplicar o termo a algunhas pequenas fábricas, como as de curtidos, papel, chocolate, gasosa ou os teares.

Servizos básicos, urbanismo e ocio

En canto aos servizos básicos, Santiago destacaba por ter varios centros médicos de prestixio e por ser a capital médica de Galicia, especialmente dende que en 1846 o vello Hospital Real, que xa levaba 25 anos sendo xestionado polo Estado, pasaba a converterse en Hospital Central de Galicia, o que sumado ao impulso da Facultade de Medicina facía que fose sen dúbida a referencia da sanidade galega. Por iso era habitual que xente dunha ampla área das provincias da Coruña e Pontevedra se desprazara a Santiago para recibir atención médica.

No caso da educación elemental, esta estaba en mans duns poucos centros, moitos deles ensino privado relixioso, e aínda con nenos e nenas frecuentemente separados. O esforzo educativo do réxime liberal notouse nunha maior escolarización (de 1857 é a Lei Moyano, que estableceu o ensino básico, pú-



Porcos diante do colexio
San Clemente
[Ruth Matilda Anderson, 1922]



Rúa do Hórreo
[Otero Acevedo ca. 1900]



O vello Hospital Real converteuse
en 1846 no Hospital Central de
Galicia [B. Almejón ca. 1885]



O lugar mais emblemático de Compostela non tivo empedrado ata ben entrado o século XIX



A Praza do Pan ou Praza do Campo era un dos centros neuráxicos da cidade [Chicharro, 1884]

blico e obrigatorio), aínda que preto da metade da poboación seguía a ser analfabeta.

A modernización tamén se notou na orde pública, e dos serenos con porra e chifro se foi pasando cara unha garda municipal mais estruturada e eficiente. Non obstante, Santiago foi todo o século XIX unha cidade cun baixo nivel de delincuencia.

Son tamén anos de cambios no urbanismo, sendo o mais vistoso a eliminación das murallas. Pouco a pouco se foron suprimindo as diferentes portas, como a de San Roque, derrubada en 1822, ou a Porta do Camiño, que desapareceu en 1835, ata quedar a de Mazarelos como único vestixio dunha construción que rodeara todo o centro da cidade dende época medieval. Isto favoreceu a conexión cos barrios periféricos, e tamén fixo cobrar moita importancia a rúas como o Hórreo, a Senra ou Carreira do Conde, que se converteron en ramais básicos para a expansión urbana, que de tódolos xeitos foi lenta polo escaso crecemento demográfico. Tamén a mediados do XIX se comeza o empedrado de rúas e prazas, salientando o de 1855 dunha praza do Obradoiro que ata entón estaba cuberta de terra.

As zonas con mais movemento da cidade eran a Rúa do Vilar e a Rúa Nova, así como a *plaza del Pan* ou *plaza del Campo* (actual praza de Cervantes) e as rúas que saían dela, como a Acibechería, o Preguntoiro ou a Algalia, que rexistraban un constante paso de persoas e unha intensa actividade comercial. O mercado de abastos aínda non existía, pero foi nestes anos cando se preparou o espazo entre as igrexas de San Fiz e Santo Agostiño, ao reordenalo en 1848, mais a construción dos pavillóns non comezou ata 1870. Así que o lugar de mercado mais salientable do centro da cidade seguía sendo a carballeira de Santa Susana, onde se vendían sobre todo produtos agrícolas



Estación de tren de Cornes
[Chicharro ca. 1909]

e gando, e por iso era tan frecuente ver vacas ou porcos paseando tranquilamente por céntricas rúas.

En canto a transportes e vías de comunicación, houbo unha certa mellora nos diversos camiños que saían de Compostela, pero o avance mais salientable da época foi o ferrocarril, que precisamente chegou á cidade a través de Conxo, pois a primeira liña de tren que funcionou en Galicia foi a que unía o porto marítimo de Carril con Conxo. A principal promotora foi a compostelá Real Sociedad Económica de Amigos del País, e o proxecto elaborouse en 1859, aínda que por diversos problemas a liña non ficou completa ata 1873. Non foi tan beneficioso como se pensaba (entre outras cousas porque o porto de Carril perdeu bastante importancia neses anos), e se aproveitou bastante mais para transporte de viaxeiros que de mercancías. Pero supuxo un importante fito da industrialización galega, e abriu camiño a unha industria que para a fin do século xa conectaba as principais cidades galegas, aínda que o fíxese cunha rede con bastantes deficiencias.

Finalmente, non queremos rematar este pequeno paseo pola Compostela de mediados do XIX sen referirnos ao lecer, un elemento interesante e represen-



Ponte viaducto do ferrocarril sobre o río Sar, en Cornes, publicado en *La Ilustración Española y Americana* [1873]



Estatutos da Real Sociedad Económica de Amigos del País [1874]



Dende 1841 o Teatro Principal
ubicouse na Rúa Nova, onde
antes estivo unha modesta
«casa de comedias»



Xigantes pasando pola Rúa Nova a
finais do século XIX

tativo en calquera sociedade. Especialmente, cómpre aludir á importancia que tiñan na cidade as sociedades instructivas ou recreativas, moitas das cales apareceron nestes anos, como o Circo del Recreo, creado en 1843, ou o Recreo Artístico e Industrial, fundando en 1849 e con sé na Rúa Nova. Os centros de estas asociacións eran habituais puntos de encontro, lugares de bailes ou festas, pero tamén lugares de tertulias que frecuentaron os intelectuais e os estudantes mais inquedos, entre os que sen dúbida estaban moitos dos que participaron no Banquete de Conxo. Á marxe deses locais de sociabilidade, a xente divertíase coas funcións no teatro da Rúa Nova, o único da cidade; as serenatas, chocalladas, xogos na rúa, paseos pola Alameda, ou *baixando a Conxo*, que era un lugar habitual para ir a pasear, nadar e merendar. Os composteláns mesmo se podían entreter presenciando corridas de touros, que por raro que poida parecer na actualidade, tiveron certa regularidade no século XIX, especialmente durante as festas. Entre estas últimas, por suposto, destacaron as do Apóstolo como a festa grande da cidade, con características que se manteñen aínda hoxe, como os desfiles de gigantes e cabezudos ou os fogos artificiais e a fachada mudéxar iluminada, elementos que se combinaron por pri-



A Alameda era un lugar clave na
sociabilidade [Chicharro ca. 1883]



meira vez en 1852, só catro anos antes do Banquete de Conxo. Conxo, por suposto, tiña a súa propia «festa grande», a da súa patroa, a Virxe da Mercede, que tamén se celebraba por todo o alto.

Dos mártires de Carral ao Banquete de Conxo. Provincialismo e progresismo en Galicia

Cando o 2 de abril o comandante Miguel Solís se puxo en Lugo á fronte dun batallón coa intención de derrocar ao Goberno moderado de Ramón María Narváez, ao que se acusaba de ditador, Compostela se converteu nun dos centros principais do levantamento. Malia a tradición conservadora da cidade, quedaba claro que o liberalismo tiña na mesma un desenvolvemento mais que notable. Mesmo na universidade se formou un batallón de estudantes que tentou recuperar a esencia de 1808 (a do popular Batallón Literario que loitara contra os franceses) e no que chegaron a alistarse uns 300 alumnos. Non obstante, o levantamento de Solís foi un estrepitoso fracaso, e os seus principais líderes ían ser fusilados en Carral. Ademais, en Santiago depuráronse moitas responsabilidades, o que rachou a cohesión do grupo provincialista compostelán e afectou a moitos dos estudantes que se sumaran ao levantamento. Sen embargo, pola amnistía que concedeu a raíña Isabel II coincidindo co seu casamento o 10 de outubro de 1846, a maior parte puideron retornar ás aulas, pero o golpe para o provincialismo compostelán foi moi duro, e este grupo perdería a súa cohesión.

O pronunciamento de Solís foi liberal e progresista, mais non galeguista, e sen embargo aparece como un momento decisivo na historia do galeguismo. Isto é así pola vinculación que en Galicia comezara a existir entre o liberalismo progresista e o provincialismo, que será o xermolo do futuro nacionalismo, e tamén por-



O comandante Miguel Solís Cuetos (1816-1846)



Monumento aos Mártires de Carral, inaugurado en 1904



Eduardo Chao foi un dos mais destacados representantes do Partido Demócrata en Galicia



Portada do reglamento do *Liceo de la Juventud*

que o apoio civil ao pronunciamento foi logo interpretado como mostra dunha loita popular que contemplaba a unidade de Galicia. Ademais, forneceu a ese incipiente galeguismo dos seus primeiros mártires, e dun símbolo de moi longo percorrido.

Na década de 1850 vai a ser decisivo o papel do Partido Demócrata, aparecido en 1849 e que era unha opción republicana de esquerdas. Esta formación caracterizaríase por rexeitar os pactos cos moderados que fixo o progresismo español, a través dos cales se chegou ao Bienio Progresista, que durou de xullo de 1854 a xullo de 1856 (e polo tanto foi durante o mesmo cando tivo lugar o banquete). O bienio puxo fin a mais de unha década de dominio do Partido Moderado, e permitiu notables avances nas políticas liberais, pero o entendemento con estes moderados non era do agrado dos demócratas nin dos progresistas situados máis á esquerda. O Partido Demócrata tiña unha importante implantación en Galicia, que enviaba ás Cortes un representante do mesmo por cada provincia. Entre eles destacaron os políticos Eduardo Chao e Eduardo Ruíz Pons, que non participaron no Banquete de Conxo pero si puideron ter unha certa influencia nel.

Non se pode considerar o Banquete de Conxo como unha representación do nacionalismo galego, que tardaría décadas en aparecer, nin sequera do rexionalismo. Pero aqueles estudantes e mozos progresistas eran da xeración que logo protagonizaría o Rexurdimento galego, e formaban parte dese «precursor do precursor» que foi o provincialismo. Ben é certo que daquela non había ningún partido provincialista, e por iso a maioría dos que actualmente definimos como tales estaban nas ringleiras demócratas ou progresistas, o que foi o caso de figuras tan fundamentais no provincialismo como Antolín Faraldo e Manuel Murguía.



En todo este proceso de desenvolvemento e difusión do provincialismo é moi salientable a importancia que tiveron algunhas asociacións culturais, sobre todo en Compostela. Arredor da Academia Literaria, fundada en 1840, agrupouse o núcleo central dos provincialistas desa década, entre o que destacaban figuras como Neira de Mosquera, Antolín Faraldo ou José María Posada. As sesións da Academia Literaria celebrábanse no mosteiro de San Martiño Pinario, que lles cedera o Capitán Xeneral de Galicia, que naquel intre era progresista. Por outra banda, na década seguinte a asociación mais destacada foi o Liceo de la Juventud. Fundado no primeiro aniversario do levantamento de Solís, foi medrando ao tempo que o facía a súa oferta cultural, e foi frecuentada por mozos como Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal ou Luís Rodríguez Seoane, os principais poetas do Banquete, e tamén outros que importantes provincialistas como Manuel Murguía, Rosalía de Castro ou Domingo Camino. Esta xeración ía a ser non só a protagonista do Banquete de Conxo, senón tamén a que ía dar o paso do provincialismo ao rexionalismo e encabezar o Rexurdimento. Dous fitos neste proceso serían en 1863 a publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, obra literaria fundamental para o renacer do galego; e en 1865 a aparición do primeiro tomo da *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía, onde por primeira vez aparece definido o carácter nacional de Galicia.



Neira de Mosquera



Antolín Faraldo

O Banquete, un grande símbolo de igualdade e fraternidade

O 2 de marzo de 1856 foi o día escollido polos mozos liberais composteláns para aquel acto aparentemente sinxelo pero de grande impacto na opinión pública do momento e da memoria colectiva poste-



Gravado que representa a O'Donnell e Espartero aclamados en Madrid en 1854

rior ata a actualidade. Pero por que un banquete? O certo é que a importancia simbólica que tiñan naquel intre era moita, como demostrara o celebrado en Chateau Rouge (París), o 9 de xullo de 1847, que foi censurado polas autoridades francesas e un dos antecedentes da Revolución de 1848 que rematou coa monarquía de Luis Felipe de Orleans, estableceu a II República francesa e xerou unha vaga de revolucións en toda Europa. Dende entón foron habituais en toda Europa banquetes deste tipo, que reunían a xente ideoloxicamente afín, e nos que eran habituais os mitíns e as proclamas. Na prensa apareceu ás veces referido como unha «comida de campo», aínda que o termo «banquete de Conjo» foi xa habitual entón. Tamén se aludiu a miúdo ao mesmo como «banquete democrático», pero sobre todo porque a orientación ideolóxica dos participantes estaba próxima ao Partido Demócrata. O Banquete tería entre os seus obxectivos pedir a fin da coalición entre os progresistas liderados por Baldomero Espartero e os moderadas de Leopoldo O'Donnell, que naquel entón se enfrontaba a varios problemas (como os «motíns do pan» ou os problemas entre a Milicia Nacional e o Exército). Os rapaces do Banquete, de-



Banquete revolucionario de Chateau-Rouge en 1847



mócratas e provincialistas, avogaban por unha alianza entre progresistas e demócratas. Semella probable que o propio Partido Demócrata estivese en boa medida detrás da organización do evento. Por outra banda, o Banquete tivo lugar poucas semanas antes do décimo aniversario dos fusilamentos de Carral, e a súa lembranza estivo constantemente presente, polo que se ten especulado con que tamén houbo un obxectivo de rememorar o sacrificio da anterior xeración.

Polo que coñecemos do Banquete, os asistentes chegaron ao bosque de Conxo ás dúas da tarde, e cada estudante levaba de ganchete a un obreiro. Do mesmo xeito sentáronse intercalados, representando a igualdade que todos defendían, e os estudantes se vestiron de frac para servir a mesa, demostrando un claro desafío á estrutura clasista da sociedade. Non sabemos o número exacto de participantes, pero na prensa da época falouse de arredor dun centenar, e a maioría de estudosos sitúan entre cen e douscentos a cifra aproximada. Outro aspecto que se sinala nas fontes da época e posteriores é que asistiron o patrón e dous obreiros de cada un dos diferentes gremios, polo que se buscou que houbo unha representación variada. Aínda que case sempre se fala de «estudantes e obreiros», pode ser mais axeitado falar de



Baldomero Espartero



Leopoldo O'Donnell



O río Sar, ao seu paso polo bosque de Conxo



Zona do belvedere, onde puido ter acontecido o Banquete



LA OLIVA.
PERIÓDICO DE MATIÇA, LITERARIA E INTERESES MATERIAES.

A crónica do xornal vigués *La Oliva* supón unha das mellores fontes sobre como foi o Banquete

«estudantes e artesáns», porque resulta evidente que non todos os traballadores eran asalariados.


Tampouco sabemos con certeza o lugar exacto onde tivo lugar o Banquete. No xornal *La Oliva* se sinalou que foi no «extenso bosque del exmonasterio de Conjo», mentres que Manuel Murguía escribiu en 1885 que aconteceu «bajo las ramas que los cubrían y sobre las corrientes del río que les envían sus frescas emanaciones», o que da a entender que foi á beira do Sar. Diferentes historiadores teñen chegado á conclusión de que o lugar mais probable sería a carón do belvedere (mirador) que se ubica nunha ponte sobre o río. É unha mágoa non dispor de fotografías, pero malia que Andrés Cisneros, pioneiro da fotografía en Compostela, xa traballaba na cidade, non hai constancia de que houbera ningunha cámara no evento. Sobre as razóns de que o Banquete tivera lugar en Sar, hai que salientar que era unha habitual área de escape e recreo para a sociedade compostelá, que habitualmente a escollía para «comer no campo». Chama a



< A desaparecida Fonte da Virxe no Sanatorio de Conxo

atención que o Banquete fose feito nunha zona rural e non se introduciran no mesmo campesiños, o que deixa claro que era un evento fundamentalmente urbano levado ao rural. Por outra banda, o escritor Enrique Alvarellos ten destacado a importancia que tivo o literato Neira de Mosquera á hora de darlle importancia a Conxo para os intelectuais e estudantes progresistas, ao escribir sobre o lugar e as súas lendas, e opina que sen a súa figura é posible que o lugar escollido tivera sido outro.

O lema que presidiu o Banquete, escrito nun tarxetón, foi «Orden. Fraternidad». O da fraternidade encaixaba á perfección con esa irmandade entre diferentes sectores sociais, pero chama mais da atención o emprego de orde. Dende logo non era o concepto de orde social, que rexeitaban de plano, e si o de orde como estabilidade, pero cómpre ter en conta que a idea de orde dos demócratas non era a idea de orde autoritaria que por exemplo tiñan os moderados. De feito, como explicaría en 1858 un dos asistentes ao Banquete, José Ballesteros, no xornal *La Esperanza*, defender a orde só era posible cando o individuo gozaba de absoluta liberdade. Cos conceptos de fraternidade e igualdade mais que evidentes na propia estrutura do banquete e un deles no lema, e



Menú dunha cea en homenaxe a Manuel Murguía [1909]. Non temos constancia de cal foi o menú do banquete de 1856, aínda que é probable que se servisen pratos semellantes, incluíndo algún tradicional de Conxo como o cabrito.



o de liberdade ligado ao de orde segundo esa concepción, resultaba clara unha identificación cos valores da Revolución Francesa, que seguían a ser fortes inspiradores do liberalismo. No banquete, as palabras «orde e fraternidade» se acompañaron de pólas de loureiro e palmas, segundo o xornal *La Oliva* porque eran símbolos da liberdade, aínda que o mais habitual era que as pólas de loureiro representasen a vitoria e as palmas fixesen o propio co sacrificio, polo que eran habitual referencia ao martirio na cultura cristiá.



Aurelio Aguirre foi a figura mais destacada do Banquete de Conxo



Eduardo Ruíz Pons, do Partido Demócrata, era un político influente e próximo a Aguirre


Entre os protagonistas do senlleiro banquete, o mais destacado foi sen dúbida o poeta e estudante de Dereito Aurelio Aguirre Galárraga, que naceu en Santiago en 1833 e perdeu a vida só 25 anos despois na coruñesa praia de San Amaro. Pese a ter 23 anos cando tivo lugar o banquete, era moi popular na cidade e foi un dos grandes animadores do Banquete. Segundo afirmou Manuel Murguía en *Los precursores* (1866), Aguirre foi o principal promotor do Banquete, grazas á influencia que tiña á vez sobre obreiros e estudantes: «A presenza romántica daquel mozo xentil, cun libro sempre baixo o brazo, a esclavina escura, a cobizada capacidade de improvisación, a oratoria dunha voz xuvenil, os versos voluptuosos, o xesto fraterno cos desposuídos, a defensa apaixonada da liberdade, etc.» Todo iso facía que fose moi querido por estudantes e clase traballadora. Claramente favorable ao Partido Democrático, dedicou versos a membros destacados do mesmo como Baldomero Espartero, ao que consideraba un garante da Revolución, ou ao deputado galego Eduardo Ruíz Pons, que malia non estar presente, puido ter moito que ver na organización do Banquete. O brindado que recitou Aguirre, elaborado en oitavas reais, foi un exaltado canto á liberdade, aos dereitos dos homes e a unha relixiosidade entendida de forma moi distinta a como



o facía a Igrexa da época, e próxima á idea de cristianismo «social» que se derivara dos escritos do filósofo social francés Henri de Saint-Simon, e especialmente *O novo cristianismo* (1825). Isto levou a que Aguirre tivera varios problemas coas autoridades eclesiásticas.

BRINDE DE AURELIO AGUIRRE

Sol de la libertad, tu lumbre dame.
 Deja que el fuego que en tu rayo brilla
 mi generoso corazón inflame.
 Y bajo el cielo de la fiel Castilla,
 entonaré mi canto... Haré que llame
 a los vástagos dignos de Padilla,
 para decirles de su gloria en nombre
 que no ha nacido para esclavo el hombre
 Que es hechura de un Dios omnipotente,
 y que su imagen esculpida lleva,
 para eterno blasón, sobre la frente
 que con orgullo al firmamento eleva.
 Y que su origen celestial desmiente
 y alma mezquina y miserable prueba,
 el que teniendo corazón y manos,
 sufre el yugo sin ley de sus hermanos.



Manuscrito do brinde



Todos hijos de un padre hemos nacido
y es mengua el privilegio de la cuna;
honra da la virtud, no el apellido,
ni el halago de próspera fortuna.
Cristo es hijo del pueblo. Él ha querido
que la familia humana fuese una,
y que solo a los justos, desiguales
fuesen ante la ley los criminales

Al nacer de un honrado carpintero,
desnudo en el portal, lección sublime
ofrece de igualdad al mundo entero.
Ve que la humanidad esclava gime,
y generoso expira en un madero
por librarla del yugo que la oprime.
¡Y el hombre imbécil, mísero gusano,
se transforma en verdugo de su hermano!

Déspotas insensatos de la tierra,
temed, temed el día tremebundo
en que gritando ¡Libertad y guerra!
se estremezcan los ámbitos del mundo.
Temed, temed: al pueblo no le aterra,
cuando rompe sus frenos iracundo,
la necia pompa y esplendor del trono...
Todo lo vence al fulminar su encono.

Venid a mí los que miráis la vida
solo de amargos sinsabores llena,
los que lleváis la frente desteñida
por el hambre y la sed, al mundo ajena;
y vosotros, ¡oh turba envilecida!,
que arrastráis indolentes vil cadena,
jornaleros, esclavos y mendigos,
venid a ser de la verdad testigos.



Pueblos de Europa , pueblos de la tierra...,
no hay más que una nación y un soberano
que a cuanto el orbe en su contorno encierra,
dio vida con su aliento sobrehumano.
Alzad, ¡oh pueblos!, un pendón de guerra,
y el infante, y el joven y el anciano,
seguidlo si hay valor en vuestros pechos,
y haced prevalecer vuestros derechos.

Sí, pueblo libre...., tus derechos vela.
Vela tu santa libertad querida.
No te duermas, sagrado centinela
de tu honra propia y de tu propia vida.
Si el político mar calma revela,
la tormenta quizá ruge escondida
debajo de sus límpidos cristales,
¡y, ay de ti, si a la mar sin rumbo sales!

Jornalero, levántate y despierta.
Abandona un momento los talleres,
que tu sueño al baldón abre la puerta.
Vela por tus derechos, si no quieres
ver de tus hijos la deshonra cierta...
Si no quieres mirar a tus mujeres
arrastrando por ti, las infelices,
el epíteto vil de meretrices.

¡Oh!..., no. Venid los que al sagrado acento
de patria y libertad, a la pelea
corréis sin vacilar: venid, yo siento
que en mi espíritu ardiente centellea
fogosa inspiración: Sí, dad al viento
vuestro libre pendón, y el mundo vea
que somos grandes y lidiar sabemos,
cuando ultrajada nuestra frente vemos.



Harto, pueblo leal, hemos sufrido.
Fue vergonzoso sufrimiento tanto,
mas, dignos de otra suerte hemos nacido.
Se alzar  de una vez el grito santo
y sonar  el ca n. A su estampido,
libre y guerrero entonar  mi canto,
y os guiar  con  l a la victoria
o a morir en la lid, pero con gloria.

Despois de Aguirre, a figura mais destacada do Banquete foi Eduardo Pondal. Nado en 1833 en Ponteceso, viviu en Santiago dende 1848, cando se instalou para cursar o bacharelato de Medicina, e posteriormente a licenciatura en Medicina. Nas xuntanzas do Liceo de la Juventud entrara en contacto con Aurelio Aguirre, Rosal a de Castro ou Manuel Murgu a, entre outros, e se foi implicando cada vez mais co progresismo e o provincialismo. As , o que logo ser a un dos grandes emblemas do Rexurdimento, comezou a ser ben co ecido polo seu brindado no Banquete de Conxo, polo que a piques estivo de ser deportado  s illas Marianas. Escrito tam n en oitavas reais e con un ton semellante ao de Aguirre, con referencias   relixi n que resultaban moi pol micas daquela, e varios chamamentos   loita do pobo contra a tiran a que foron considerados sediciosos polos sectores conservadores.



Eduardo Pondal, autor da letra do hino galego e un dos puntais do Rexurdimento, fixo un dos brindados do Banquete

BRINDE DE EDUARDO PONDAL

Brindo por quien, se ores, la victoria,
Muerto mas no vencido, dio al tirano;
El ilustre var n de alta memoria,
El c ebre cat n republicano:
De nuestra idea a la futura gloria;
Y brindo por el pueblo soberano,



Y quien acate, libre como el viento,
El vuelo del humano pensamiento.

Oye, ¡oh pueblo!, sectario de una Idea,
Benedicida por Dios: oíd hermanos;
No abandonéis el campo de pelea;
Todos sois en la tierra soberanos.
Ya rompe nuestra aurora y centellea,
Y ha quemado la frente a los tiranos,
Que cobardes, los ciega y les asusta
El resplandor de la verdad augusta.

Campeones de Dios, sabio y clemente;
Iguales os formó la naturaleza:
Soltad el vuelo a la abrasada mente,
Levantad a los cielos la cabeza.
Decid: ¿quién hizo al hombre diferente
De su hermano? ¿Quién dio mayor nobleza
al corazón de un déspota tirano,
que al honrado sudor del artesano?

Responded: ¿No sentís todos latiendo
Gigante un corazón dentro del pecho,
Un pensamiento en la cabeza ardiendo
Que a todos juzga con igual derecho?
¿Hay razón a que uno esté gimiendo
Y duerma el otro en el dorado lecho,
Convirtiendo de Dios los hijos bravos
En tropel de reptiles y de esclavos?

Y tú, pueblo, el que sufres resignado,
El que das hijos a la inicua guerra,
El que haces, pobre, de sudor bañado,
En pardas mieses reventar la tierra;
Tú, que ignorante vives y humillado,
Tu grande provenir en ti se encierra.




¡Pueblo libre!: levántate, y, valiente,
El sol contempla con osada frente.

No hay vallas para ti: sobre ti brilla
Grande la libertad; libre es tu ciencia:
Tu corazón sagrado y sin mancilla;
Libres tu pensamiento y tu creencia;
Un baldón de tu raza la cuchilla
Que viola la voz de tu conciencia.
¿Quién es tu juez, oh pueblo? No tu hermano:
Tú eres de ti mismo el soberano.

No es tu suerte alcanzar sangrienta palma
Para un poder sin leyes y sin vallas;
El quebrantar las alas de tu alma,
Y el entregar tu cuerpo a las batallas:
No servir como esclavo a quien con calma,
Te mira revolverte en las metralas
Y, enemigo inhumano de tu vida
Asaltarte en combate fratricida

Caiga, pues, esa turba de reptiles
Que ostenta con orgullo sus blasones:
Písalos todos cual gusanos viles:
Queme el fuego sus necias distinciones,
Y habiten los cernícalos sutiles
La oscura soledad de sus mansiones,
Y arrebaten los roncós torbellinos

O terceiro protagonista dos brindes, moito mais esquecido, foi o estudante de Medicina Luís Rodríguez Seoane, que tamén foi unha figura clave na organización do evento. En parte o seu maior esquecemento derivouse de que non se conservaba o seu brindé, ata o punto de que algúns investigadores dubidaron acerca de se realmente o fixera. Sen embargo, moi recente-



Comezo do folleto co brinde de Rodríguez Seoane localizado na Biblioteca Nacional

mente foi atopada unha copia do seu texto na Biblioteca Nacional de Madrid, o que non só demostra a súa participación central, senón que ademais nos permite incorporalo completo. Nado en 1838, estudio Medicina, ao igual que Pondal, disciplina na que chegaría a catedrático, tivo unha longa carreira política e escribiu numerosos poemas en galego.

BRINDE DE LUÍS RODRÍGUEZ SEOANE

Un brindis me pedís?..... Hubo una idea
Pura al nacer que se adornó de gracia
Y como el soplo eterno crea
Otro mundo de luz la democracia.

Oyó el grito del hombre que padece
Y su consuelo fué: sobre azucenas
El pudor de la vírgen ya se mece,
Rotas en tierra yacen las cadenas

Brilló en Grecia su luz, grande fue Grecia
Rico dosel estiende sobre Roma,
Y ante el honor marchito de Lucrecia
Indignada su faz el pueblo asoma.



Luis Rodríguez Seoane, autor do terceiro dos brindes, recentemente descuberto



Vedla sufrir! prepara el fanatismo
Ya de triunfo muestras placenteras,
Pero la idea rie ante el abismo
Y vuela en el vapor de las hogueras.

Ella como la lira de Tirteo
Hierro á las manos dá, fuego á la mente,
En su fúnebre cárcel Galileo
Un porvenir de glorias le presente

¡Hermoso porvenir! bajo tu velo
Rico un edén ofreces á la vista:
No puede ser estéril ya tu anhelo
Ni tú trabajo resignado artista!

No lo dudeis, del pueblo defensores,
El porvenir se encierra en vuestras manos,
Atras! nobleza, títulos y honores,
Y oiga el mundo una voz, la voz de *hermanos*.

Esa voz, esa voz, solo venida
Pudo ser desde el Gólgota, suave
Como la tierna y blanda despedida
Que á la tumba del sol dirige el ave.

Esa voz, esa voz, y solo ella
De la razón dormida es el aviso
Es el cielo luminosa estrella
Y de la tierra forma un Paraíso.

Tú llevaras ventura á los hogares
Y al corrompido mundo la armonía:
Pobre bardo, te ofrezco mis cantares,
Pobre bardo, á ti doy mi idolatría.



Á marxe destas tres figuras especialmente destacadas, hai diversas conxecturas sobre a presenza de Rosalía de Castro no Banquete. A poetisa tiña entón 19 anos, e por amizades e ideoloxía tería sido lóxico, pero non hai ningunha proba contundente. Unha das explicacións que se teñen dado para cualificar como probable a súa presenza é o feito de que ao mes seguinte de que se celebrara o Banquete, e no medio da polémica polas denuncias a Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal, marchou a Madrid, onde residiría un tempo. Pero estivera ou non presente, Rosalía sempre estivo moi ligada a Conxo, concello no que naceu, nunha vivenda do lugar d'As Barreiras que non se conserva, pero que estaría na zona onde hoxe está a Praza de Vigo, xusto no límite daquela co concello de Santiago. E sempre foi unha grande admiradora do bosque de Conxo, moi crítica coa destrución do mesmo polas continuas talas a finais do século. Os seguintes versos, que se integraron no libro *En las orillas del Sar* (1884), foron escritos en relación a destrución do bosque que acolleu o Banquete:

¡Profanación sin nombre! Dondequiera
que el alma humana, inteligente rinde
culto a lo grande, a lo pasado culto,
en selvas agrestes, esos bosques
seculares y hermosos, cuyo espeso
ramaje abrigó y cariñosa sombra
dieron a nuestros padres, fueron siempre
de predilecto amor, lugares santos
que todos respetaron (...)
Y sin embargo...
¡nada allí quedó en pie! Los arrogantes
cedros de nuestro Líbano, los altos
gigantescos castaños, seculares,
regalo de los ojos; los robustos
y centenarios robles, cuyos troncos



Rosalía de Castro, figura senlleira do Rexurdimento, tiña amizade con varios participantes do Banquete, pero non hay constancia de que ela estivera



Cuberta do libro *En las orillas del Sar*, onde Rosalía dedica un poema destrución do bosque de Conxo



de arrugas llenos, monstruos semejaban
de ceño adusto y de mirada torva
que hacen pensar en ignorados mundos;
las encinas vetustas, bajo cuyas
ramas vagaron en silencio tantos
tercos, impenitentes sonadores...:
¡todo por tierra y asolado todo!

Se hai dúbidas sobre a presenza de Rosalía no Banquete, non as hai sobre a do que sería o seu marido, Manuel Murguía. O grande historiador do Rexurdimento, sería ademais unha boa fonte para coñecer o que aconteceu no evento, ao que volveu con frecuencia nos seus escritos. Por citar algún outro participante ilustre do Banquete podemos nomear a Juan Manuel Paz Novoa, que chegaría a catedrático en Dereito e foi un prestixioso avogado.



O historiador Manuel Murguía si estivo no Banquete de Conxo, e contribuíu a convertelo en símbolo do galeguismo

A visión que sobre o Banquete de Conxo puideron ter os contemporáneos estivo moi mediatizada pola significación política do evento. Así, a prensa foi crítica ou eloxiosa dependendo da súa orientación ideolóxica. Entre os xornais que defenderon o Banquete salientou o vigués *La Oliva* (que só se publicou entre 1856 e 1858) por clara afinidade ideolóxica (o político demócrata Eduardo Chao estaba

A casa do Camiño Novo onde naceu Rosalía de Castro nunha foto que apareceu en 1917 no xornal *Vida Gallega*





detrás do mesmo). Dende as súas páxinas se defendeu aos implicados contra as críticas de xornais como *Faro de Vigo*, que pedira a intervención das autoridades civís, eclesiásticas e militares contra aqueles mozos que consideraba subversivos. A prensa conservadora definiu o Banquete como escandaloso, anárquico, demagóxico ou subversivo, considerou aos seus participantes destrutores dos fundamentos da orde social e outras valoracións moi negativas que apareceron tamén na prensa conservadora madrileña, o que demostra que o impacto que tivo o Banquete non foi só local.

Esta visión dos conservadores permite entender por que se reuniron forzas policiais e militares na zona. Pese a algúns contidos revolucionarios do Banquete, non houbo actos violentos, aínda que si debeu ser unha tarde tensa na cidade, sobre todo polos rumores de que os participantes pensaban ir amados contra a poboación. Por iso, cando os rapaces se retiraron ao anoitecer, houbo un certo medo. Tamén se difundiran textos cos brindes, probablemente impresos polos demócratas, que foron moi mal recibidos polos sectores máis tradicionalistas, ofendidos polo que consideraban unha chamada subversiva á loita de ricos e pobres; ou referencias á relixión que causaron escándalo, como definir a Xesucristo como o fillo dun honrado carpinteiro. A apropiación da idea de Deus pola xerarquía eclesiástica era o criticado por estes mozos, non a relixión en si, pois eles tamén a profesaban, pero entendían a relixiosidade dun xeito diferente.

Así, dende as autoridades civís e militares tomáronse medidas para tentar castigar aos participantes no banquete. O fiscal da Audiencia territorial da Coruña iniciou os trámites para procesar a Pondal e Aguirre polos contidos revolucionarios dos seus



Faro de Vigo, fundado en 1853, é o xornal galego e español máis antigo que se sigue a publicar. De orientación conservadora, tivo frecuentes enfrontamentos con *La Oliva* durante a curta vida do xornal progresista



O sanatorio de Conxo
[ca. 1910]



brindes, e mesmo se falou de que podían ser deportados ás illas Marianas. Sen embargo, o fiscal de Santiago, Juan Carballo, non quixo denunciálos, e tamén mediou por eles o deputado Eduardo Ruíz Pons, entre outras figuras do progresismo. Tamén as autoridades relixiosas protestaron, polos brindes publicados e por outros mais improvisados que se deron a coñecer, como o atribuído a Aguirre: «Brindo, aunque al Papa cause risa, / por el primer protestante / que en España diga misa». Por Pondal intercedeu o crego Manuel Antonio Pose y Soto, que dicía misa na parroquia de San Tirso de Cospindo, onde Pondal era veciño de neno, e que escribiu ao arcebispo para desculpalo, falando incluso de que tivera «la desgracia de leer libros prohibidos que han estragado su corazón», e resaltando o cumprimento dos preceptos da Igrexa dos seus familiares e del mesmo. O propio Pondal escribíralle unha ao arcebispo na que se retractaba do que puidera ter dito en contra da relixión. No caso de Aguirre, chegou a ter unha audiencia co arcebispo García Cuesta, que se mostrou dialogante, demostrando non estar na liña dos seus antecesores e ter unha mentalidade máis aberta. Tanto Aguirre como Pondal mostráronse como cristiáns, considerando calumniadores aos que defenderan o contrario.



Sanatorio de Conxo. Avenida de acceso ao edificio antigo

As pegadas na memoria dun símbolo inesquecible

O amplo bosque que existía en 1856 non durou moito tempo, e unhas décadas despois as talas que denunciaba Rosalía levaron por diante a maior parte do mesmo. Dende a fundación do manicomio de Conxo polo cardeal Payá Rico, en 1885, o tema se resolveu, pero o bosque xa quedara moi minguado. Aínda así, na zona hai actualmente carballos que pasan dos 100 e mesmo dos 150 anos, polo que poden quedar vivos algúns testemuños mudos do banquete.

Pero se ben a nivel de espazo o Banquete só deixou para a memoria un lugar impreciso e que cambiou moito dende entón, a nivel de recordo na memoria colectiva, o feito deixou unha pegada moi fonda, amplificada por escritos como os de Murguía, que axudaron a que estivese sempre presente entre os fitos do galeguismo, e diversos autores galeguistas tentaron reconstruír mais do que se sabía sobre o mesmo, e por exemplo sabemos que Ramón Cabanillas estaba investigando sobre el na década de 1910.

En 1925 o concello de Conxo fusionouse co de Santiago, polo que toda a memoria dun evento que acontecera entre dous concellos pasou a ligarse por completo a un só. Nestes anos o incipiente nacionalismo galego, que agora si se pode definir sen dúbida





como tal, foille dando cada vez mais importancia ao Banquete de Conxo como símbolo fundacional do galeguismo, o mesmo que sucedía co pronunciamento de Solís, seguindo a estela do que xa fixeran os rexionalistas ao final do XIX. Coa chegada da II República abriuse unha etapa especialmente favorable para reforzar esta memoria, e así se veu cos diversos homenaxes nos que se lembrou o Banquete, destacando os que tiveron lugar en relación coa celebración dos nacementos de Aguirre e Pondal, que tiveron lugar en 1933 e 1935, respectivamente.

Coa Guerra Civil e a ditadura de Franco ocorreu xusto o contrario, e a memoria do galeguismo ía ser devalada e mesmo censurada, polo que se tivo que refuxiar no exilio, na emigración. A «quinta provincia» ía ser onde, durante case corenta anos, mais viva se mantivera a memoria do acontecido en Conxo. Como un pequeno exemplo, en 1939 o poeta Antón Zapata, que emigrara de Galicia a Arxentina con 17 anos, escribía no xornal bonaerense *Noticias Gráficas* un artigo titulado «O banquete da libértá en Conxo, e Pondal», no que comezaba cun bo resumo das claves do banquete que ficaron na memoria colectiva dunha parte dos galegos:

Denantes dáquel sonado banquete que se dou baixo a mesta carballeira de Conxo, onde, en irmandada amizade, estudantes, artesáns e labregos, mariñantes e peixeiros, honoraron o abreinte d-un risoño porvir galego...

Pero sen dúbida o primeiro gran intre da memoria do Banquete de Conxo tivo lugar co seu centenario, que coincidiu co Primeiro Congreso da Emigración Galega en Bos Aires, ou mellor dito, se fixo coincidir, porque en boa medida se convocou



O poeta Antón Zapata



Paseo entre piñeiros en Conxo



para homenaxear a efeméride. O Congreso foi organizado polo Consello de Galiza, que funcionaba como o Goberno galego no exilio, e reuniu a representantes das principais colectividades galegas da emigración. Cando se aprobou a súa celebración lembrouse que Castelao remarcara a necesidade de conmemorar esa efeméride, e se sinalaba que o congreso tería sobre todo a misión de estudar os problemas dos emigrados galegos e buscar solucións, como se pode comprobar no texto íntegro que incorporamos ao anexo do final do libro.


Como principal recordo ao que acontecera en 1856 se quixo facer tamén un gran banquete, que tivo lugar no Pazo Galicia do Centro Lucense, situado no barrio bonaerense de Olivos. Foi o 28 de xullo de 1956, con mais de 1.500 asistentes, en nel se proclamaron varios brindes, destacando o de Xosé Neira Vilas, que daquela tiña 27 anos e era membro das Mocidades Galeguistas. A súa intervención comezou cunhas verbas que lembraban ás de Aurelio Aguirre un século antes:

Brindo, irmaos, baixo o sol da liberdade
que nos ofrece esta nazón vibrante;
brindo a nome da nosa mocidade
da mocidade galega que anda errante
por vieiros de brétema e saudade.

No manifesto que se dirixiu ás colectividades galegas de América se definiu o banquete como un



Cartaz do Congreso da Emigración



O escritor Xosé Neira Vilas



Bandeira do Primeiro Congreso da Emigración



Fotografía do Banquete
no Primeiro Congreso da
Emigración Galega



feito significado do Rexurdimento, considerando que o amor á democracia e o amor a Galicia foran as principais inspiracións que o motivaron, e que os ideais daquel Banquete debían inspirar aos emigrantes galegos: «a irmandade entre a mente e o brazo, entre o intelectual e o traballador manual, o senso de igualdade humana, o principio de liberdade democrática, o amor activo á Terra galega e a arela de vela ergueita e ceibe».

O escritor e mestre Antón Alonso Ríos, segredario do Consello de Galiza, considerou o Banquete como «a primeira concreción coletiva civil do sentimento liberal de Galicia xa manifestado polos seus representantes nas Cortes de Cádiz, co corolario dramático dos fusilamentos de Carral. Un sentimento que frolecía na universidade e nos cultos obreiros e artesáns de Compostela con vella tradición gremial e sindical», e por iso estudantes e obreiros foran da man. Ademais, consideraba que a significación do Banquete na historia do civismo galego só era comparable á da Revolución de 1846.

O Primeiro Congreso da Emigración supuxo un antes e un despois na memoria do Banquete de Conxo, pois se ben nunca deixara de ser lembrado



Antón Alonso Ríos



como un intre importante na historia do galeguismo, tampouco nunca se lle dera tanta relevancia como no seu centenario. Mais isto non foi así dentro de Galicia, onde nos anos do franquismo esa memoria ficou escurificada, como todo o que tivese aroma de galeguismo, e foi moi complicado facer homenaxes ou exaltación pública do feito. Sen embargo, desde a morte do ditador en 1975 a situación mudou rapidamente, e o recordo do banquete, que se mantivera na memoria colectiva galega, puido retornar á esfera pública. Neste sentido resulta reveladora unha análise da hemeroteca histórica de *La Voz de Galicia* para os termos «Banquete de Conxo» e «Banquete de Conjo», que só da catro resultados para case corenta anos de ditadura (1936-1975), mentres que entre 1975 e 1985 son mais de 30 as referencias.

Así, nos anos oitenta se comezan a ver en Galicia homenaxes públicas, como a protagonizada en Conxo en 1982 por estudantes das facultades de Dereito, Química e Medicina, ou a dos alumnos do Instituto de Viana en 1986, que realizaron cos seus mestres unha representación do banquete. Dende a década de 1990 este tipo de representacións se converterán en algo común, collendo cada vez mais pulo ata hoxe en día, e a lembranza do Banquete e os seus protagonistas tense estendido pola nosa sociedade de diversas formas. Dende fai anos o centro sociocultural de Conxo, que non por casualidade de chama Aurelio Aguirre, cada setembro e cada primavera recupera a memoria do Banquete, coa lectura de poemas e outras actividades á beira do Sar, baixo a sombra dos carballos.

En xeral, a memoria do propio Aurelio Aguirre se ten recuperado bastante nos últimos anos, coa publicación de varios traballos sobre a súa obra, boa parte da cal aínda estaba inédita, e a súa consideración como un dos grandes poetas da Galicia do XIX,



O centro sociocultural de Conxo leva o nome de Aurelio Aguirre



Nos últimos anos son moi frecuentes as homenaxes ao Banquete, especialmente en Conxo



Tumba de Aurelio Aguirre en Boisaca

e un dos mellores representantes do romanticismo en Galicia. O literato está enterrado en Boisaca, a onde se trasladou do seu enterramento orixinal en San Domingos de Bonaval en 1991. Repousa a carón da tumba de Valle Inclán, e alí son habituais as homenaxes. Pero en ningures se lle lembra tanto como no barrio de Conxo, onde ademais do centro social e cultural, aberto a principios dos noventa, levan o seu nome unha praza, un grupo de música tradicional ou un certame literario.

Xa no século XXI, entre as numerosas homenaxes ao Banquete podemos salientar as do 150 aniversario (2006), entre as que destacaron as ofrendas a Aurelio Aguirre en Boisaca, incluíndo a lectura de poemas; a descuberta dunha placa en Conxo na que pasou a chamarse Rúa do Banquete do Conxo; ou o banquete que varias asociacións galeguistas organizaron no Hotel Puerta del Camino con arredor de 150 persoas do mundo laboral, da universidade e da cultura. Tamén cómpre sulñar que de 2011 é o único monumento do que temos constancia dedicado ao Banquete, situado no parque de Pontevedra, en Conxo. O conxunto escultórico, pseudofigurativo, consta de tres pezas de catro metros de altura, e foi obra da escultora Soledad Penalta. Segundo a autora, as esculturas representan a Aguirre, Pondal e Murguía, os tres participantes do banquete que mais repercusión tiveron na súa memoria posterior.

En 2015 a Comisión Cidadá pola Unidade organizou o que se coñeceu como «Banquete de Conxo 2.0», un acto que recibiu bastante atención mediática e que tiña como obxectivo debater a posibilidade dunha candidatura unitaria galega para presentarse nas seguintes eleccións xerais. Pero este evento tamén serviu como conmemoración do orixinal 159 anos despois, considerándoo na declara-



Conxunto escultórico dedicado ao Banquete de Conxo no parque de Pontevedra

ción que se fixo como «o mais transcendental acto de irmandade da historia recente de Galicia».

E mentres escribimos estas liñas, está tendo lugar unha restauración da zona onde tivo lugar o banquete, que estaba en claro abandono dende fai moitos anos, a pesar das protestas de diversos colectivos. Grazas a esta recuperación, se agarda que ese espazo do antigo bosque de Conxo recupere vitalidade, sexa mais accesible, se repoña a construción do belvedere (que é posterior a 1856) e siga a ser un recordo inmorredoiro do que alí aconteceu en 1856.

Para concluír, queremos sinalar que o Banquete de Conxo pasou á historia en boa medida como o primeiro acto de reafirmación galeguista. Se ben é certo que a reivindicación da identidade histórica de Galicia estaba aí, e cos anos sería desenvolvida por algúns dos participantes ata o punto de dar lugar ao Rexurdimento e ao rexionalismo, o Banquete foi sobre todo un acto de carácter liberal e democrático, pero non galeguista. Todos os brindes foron en castelán, e como fomos vendo, as demandas estaban relacionadas con reivindicacións políticas e sociais, mais non con reivindicacións nacionais, que aínda tardarían unhas décadas en aparecer. Tamén se ten destacado que serviu para unir ao galeguismo e ao movemento obreiro, outra afirmación moi aventu-



A construción do belvedere de Conxo, nun estado ruinoso antes da súa restauración. [Imaxe cedida por Alvarellos Editora, e publicada no libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*]



Os traballos de rehabilitación da zona onde tivo lugar o Banquete de Conxo comezaron a finais de 2017 e están actualmente en curso



rada. En primeiro lugar porque os estudantes estaban en representación do progresismo e non do galeguismo, e en segundo porque non existía o movemento obreiro como tal, mais aínda cando había patróns e obreiros entre os invitados. Pero está claro que a confraternidade transversal foi algo que rachou cos estándares da época, aínda que se boten en falta os labregos, cando aquela Galicia era sobre todo rural, como o era Conxo, pero aquilo foi un banquete urbano levado a unha área rural.

Feitas estas matizacións, que cómpren para poder entender mellor as diferenzas entre o que realmente foi o banquete e a memoria colectiva arredor do mesmo, do que non hai dúbida é de que foi un feito abraiante, un símbolo de fraternidade que calou moi fondamente na sociedade, unha xuntanza que puxo en dúbida unha concepción clasista da sociedade e atacou directamente ás ideas tradicionais que a dominaban, un berro a prol da liberdade e da igualdade que non abondou para derrubar as barreiras do seu tempo, pero si abrir nelas un oco polo que pasou un raio de esperanza, que chegaría ata os nosos días brillando cada vez máis.



Bibliografía

AGUIRRE, A.: *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858* (Ed. ao coidado de Oliva Rodríguez), Alvarellos Editora, Santiago de Compostela, 2013.

ALVARELLOS, H., MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X., SINGUL, F. e SOUTO, M.: *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*, Alvarellos Editora / Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 2016.

BERAMENDI, X. G., NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O Nacionalismo galego*, A Nosa Terra, Vigo, 1996.

GARCÍA VEGA, L.: «Rosalía de Castro agonista. Diálogos protagonista y antagonista con la ciudad de Santiago de Compostela» [en línea]. En: *Ángulo Recto. Revista de estudios sobre la ciudad como espacio plural*, vol. 3, núm. 2, pp. 51-67.

GARCÍA VEGA, L.: *Aurelio Aguirre (1833-1858) y otros*, Edicións do Cumio, Ponte Caldelas, 2015.

IGLESIAS AMORÍN, A.: «Santiago en la Edad Contemporánea: de ciudad en decadencia a capital de Galicia», en LÓPEZ-MAYÁN, M., CASTRO, B. (Coord.): *Historia de Santiago de Compostela*, Vía Láctea, Santiago de Compostela, 2012.

LEMA NEGRILLO, J. J.; VILARIÑO VIEITES, A.: *Concello de Conxo (1836-1925): Unha historia esquecida*, Asociación de Amigos de Conxo, Santiago de Compostela, 2009.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: *La Oliva (1856-1857). Un xornal galeguista e progresista na soleira do Rexurdimento*, tese de doutoramento presentada na Universidade de Vigo, 2015.

TOJO RAMALLO, J. A.: *Fiestas del Apóstol. 1500-1985*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 1996.

VILLARES, R.: «La ciudad de los dos apóstoles (1875-1936)», en PORTELA SILVA, E. (coord.), *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2003, pp. 477-557.

VV. AA.: *150 anos do Banquete de Conxo : 50 aniversario do congreso da emigración*, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Comunicación, Santiago de Compostela, 2006.



ANEXO

Crónica de *La Oliva* (6-III-1856)

Santiago, 6 de marzo. Por no dejar pasar desapercibido otro de los hechos que dan gloria a la juventud que trabaja la senda del progreso en nuestra patria, debo manifestaros lo ocurrido en una comida de campo de jóvenes liberales y de virtud, y contra la que tanta saña han desprendido los partidarios del oscurantismo, que por tanto tiempo nos ha nublado el hermoso sol de la libertad.

Cierto número de estudiantes han proyectado un convite en el campo, con los laboriosos artesanos de esta población que debía tener lugar el domingo, 2, en el extenso bosque del exmonasterio de Conjo: mas ciertas gentes, y entre ellas los individuos de cierta malograda cofradía, han comenzado exaudir [sic] las más absurdas especies para desunir y neutralizar el proyecto: todo fue en vano y se estrelló contra la entereza de un centenar de jóvenes que han dado un mentís con sus hechos a los retrógrados que atizan la discordia por todas partes.

El domingo, a las 2, concurrieron nuestros virtuosos estudiantes, acompañado cada uno de un artesano al convite. Antes de dar principio a la comida salió una comisión a buscar al campo los símbolos de la libertad, como son el laurel y la palma, con los que se adornó un hermoso tarjetón que ocupaba el puesto principal de la mesa, y en cuyo centro se leía la inscripción «ORDEN, FRATERNIDAD». Al sentarse, se intercalaron los artesanos entre los estudiantes. Algunos jóvenes, inspirados, improvisaron composiciones y brindis de general aceptación. Se terminó la comida con el mayor orden, sin disturbo ni disgusto alguno: esto, no obstante ha llegado a nuestros oídos que las autoridades habían tomado una



actitud anormal. Sin duda por los simulados chismes de algunos, que han llevado en el rostro la sonrisa de la libertad ocultando, en su corazón, el emponzoñado veneno del despotismo. Sí; esto es cierto. Y también, que estuvo la guarnición sobre las armas. Esa flor debemos a los que se llaman nuestros amigos y correligionarios políticos.

ACORDO DO CONSELLO DE GALIZA PARA CELEBRAR O CONGRESO

«Reunido en sesión especial o día 2 de xaneiro do corrente ano de 1956, o Consello de Galiza, tendo en conta que neste mesmo ano cúmprese o primeiro centenario do histórico Banquete de Conxo, acontecemento extraordinario pola súa transcendencia no rexurdimento social, político e patriótico de Galicia; e lembrando que o inmorrante Presidente do Consello, Alfonso R. Castelao, tiña falado da necesidade e da conveniencia patrióticas de conmemorar en forma especial a centenaria efeméride; e tendo: asimesmo, recibido axeitadas suxerencias, no mesmo senso, de importantes sectores da colectividade galega de Bos Aires e de outros puntos de América

ACORDA

Nomear unha Comisión Organizadora dos actos conmemorativos do devandito Centenario, entre os cales propón a celebración en Bos Aires do I CONGRESO DA EMIGRACIÓN GALEGA espallada por toda América. Este congreso terá a misión de estudar os problemas específicos, individuais e colectivos, dos nosos emigrados, con proxeccións sobre o presente e o futuro de Galicia, buscándolles posibles e axeitadas solucións. Suxire, tamén, a realización de varios actos de divulgación deses mesmos problemas parella-



mente coas sesións do congreso mesmo; solicitar de todas as institucións representativas da colectividade galega de Bos Aires e da veciña Montevideo, o seu apoio, adhesión e cooperación, para o logro de tan outros propósitos. E, consecuentemente, pasou a nomear a seguinte

COMISIÓN ORGANIZADORA

Don Manoel Puente, don Perfecto López, don Francisco Regueira, don Xosé Neira Vilas, don Xosé B. Abreira, don Antón Suárez do Pazo, don Francisco Pazos, don Antón Alonso Pérez, don Manoel Martínez Lamela, don Segundo Pampillón, don Xosé Alfonso Reboreda, don Rodolfo Prada, don Cándido Rey, don Antón Díaz e don Valeriano Saco.

E dende iste intre o Consello de Galiza deixa, confiado, nas mans e no fervor galego de todos e cada un dos membros da Comisión, o planeamento, o desenrolo e os resultados, que agarda moi froitíferos, desta iniciativa de conmemorar, digna e solemnemente; o centenario da histórica xuntanza de Conxo, tendo como acto central e principal, o I CONGRESO da EMIGRACIÓN GALEGA.

Bos Aires, 2 de xaneiro de 1956

Antón Alonso Ríos

Segretario do Consello de Galiza

Manifesto ás colectividades galegas de América

(...) «Por iso decidimos convocar este Congreso da Emigración Galega neste ano de 1956. Coincidirá co centenario do Banquete de Conxo, feito de fondo siñificado na historia do noso Rexurdimento. Naquel sonado banquete, estudantes e obreiros, irmanáronse afervoadamente baixo a dobre inspiración do amor á



democracia e do amor a Galiza. As verbas ardidadas do bardo Pondal e do poeta Aurelio Aguirre que resoaron coma voces de profecía baixo a ramallada da vella carballeira seguirán resoando arreo ao longo dos anos, serían recolleitas por xeneración tras xeneración de galegos, inspirando os seus esforzos a prol do avance e felicidade e liberdade da súa terra. E é axeitado poñer un Congreso da Emigración Galega baixo o signo do Banquete de Conxo porque no espírito dos que neste participaron bulían os ideais que deben inspirar aos emigrantes galegos: a irmandade entre a mente e o brazo, entre o intelectual e o traballador manual, o senso de igualdade humana, o principio de liberdade democrática, o amor activo á Terra galega e a arela de vela ergueita e ceibe.(...)

Na sesión de clausura (Manuel Puente)

«Fai cen anos, un fato de mozos estudantes galegos, pranearon e levaron a efecto un banquete na carballeira de Conxo, moi perto de Compostela que, mesmamente, é o corazón da nosa patria. Aquel xantar sinxelo, aquela xuntanza de modestas proporcións repercutiu, non embargantes, amplamente na Galicia, e acadou categoría histórica co nome de Banquete de Conxo. Elo foi posibel en virtude do lume espíritoal de aqueles mozos estudantes, que lle deu extraordinario calor e claridade.

E para celebrar o centenario do banquete de Conxo foi planeado e organizado o Congreso da Emigración por un fato de emigrados orfos de tíduos refulxentes, orfos das luces da sabencia, emigrados que saímos da Terra co espírito ás obscuras e que, absorbidos aquí polo duro traballo e polo longo sufrir, non tivemos vagar nin posibilidades de de acodir a outra escola nin a outra universidade que a escola sen métodos nin mestres, a rexa escola da vida.»



**No xantar evocador do Banquete de Conxo
(Neira Vilas, 1956)**

Brindo, irmaos, baixo o sol da liberdade
que nos ofrece esta nazón vibrante;
brindo a nome da nosa mocidade;
da mocidade galega que anda errante
por vieiros de brétema e saudade
con enceios de luz pr'a Terra amante,
O nóso peito arde en labarada,
e a nósá voz xa non será coutada


Sobre o lombo do Atlante están chegando
Na percura de pan e de xustiza
Moitos mozos e mozas, que arredando
Da pouta que os esmaga i-escraviza,
Fan na América ceibe un xergón brando
No que se arrolan e soñan con Galiza.
Pero este soño maino e acelmoso
Vaise trocando en espertar glorioso.

Erguense as lousas e arreguiza a terra
Onde están nosos hérois devanceiros
e ó són de gaitas a sua voz nos berra
decindo: «Irmaos, sodes da patria herdeiros
e tendes o deber, con paz ou guerra,
de redimir seu chan e seus roleiros,
para que a Terra dos tempos «xa chegados»
deixe de ser viveiro de emigrados».

Xuramos diante o mundo n'este día,
con barileza e latexante arela,
que habemos de loitar con teimosía,
como loitou o gran Pardo de Cela,
para desfacer a moura tomadía
que da Frouseira fixo a vil Castela.
Meus irmaos: a emigrante mocidade
anceia pra Galiza a liberdade.



¡Ouh, Patria dos galegos! Nai ferida
que aturaches as mais duras acañas!
Queremos verte axiña redimida!
Queremos que as túas úbedas entrañas
enxendren fruxe ceibe e destemida,
dina da Terra de Faraldo e Brañas.
A brétema da noite e o relente
xa están caíndo baixo un novo Abrente.



Roteiro

A – Praça da Universidade (Casa onde viviron Rosalía e Murguía e Facultade de Letras).

B – Santo Agostiño (lugar onde estivo o Liceo de *La Juventud*).

C – San Martiño Pinario (Emblema da desamortización da cidade, lugar onde estivo a Academia Literaria).

D – Praça do Obradoiro (Concello dende 1787, Hospital Central de Galicia, Catedral).

E – Rúa do Vilar, 4 (Casa onde naceu Aurelio Aguirre).

F – Rúa Bautizados, 6 (Casa onde vivía Rosalía cando o Banquete de Conxo).

G – Porta Faxeira (Unha das principais entradas da muralla derrubada, Parque da Alameda).



Este percorrido se pode ligar co anterior chegando a Conxo a través das rúas Rosalía de Castro, Romero Donallo, Avenida de Vilagarcía, Manuel Beiras (nesta atópase a casa das asociacións, onde antes estivo a estación de Cornes) e rúa do Penedo.

A – Parque de Ponteperea (Monumento ao Banquete de Conxo).

B – Praza de Aurelio Aguirre (Centro Sociocultural Aurelio Aguirre).

C – Igrexa e Sanatorio de Conxo.

D – Belvedere de Conxo e zona probable de celebración do Banquete.





— **COÑECER** | Santiago
cidade educadora


**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Departamento de
ducación e Cidadanía


Hispona